



Convenio sanidade privada da Coruña

CIG-Saúde gaña na Inspección de Traballo o dereito a percibir o complemento de toxicidade nas clínicas dentais

A Inspección de Traballo (ITSS) recoñece este dereito, obriga ao pagamento inmediato e impón unha sanción grave a unha clínica dental.

QUE ESTÁ A PASAR?

As clínicas dentais **non están a aboar o complemento de toxicidade**, a pesar de expoñer ao persoal ás condicións que dan dereito a este (clínicas onde se traballa con radiacións ionizantes).

En moitos casos, estas clínicas incluso esixen ao persoal o licenza de operador/a correspondente.

QUE DI O CONVENIO?

*“Artigo 21. Complemento de especialidade, toxicidade, perigosidade e penosidade
Por mor da maior toxicidade, perigo e penosidade, establécese un complemento retributivo para **todo o persoal dos estableciment^{os} sanitarios** (con o sin interna mento, **como poden ser as clínicas** o consultorios) que desempeñe traballos nalguna das seguintes seccións o departamentos: quirófanos, radioelectroloxía, radioterapia, medicina nuclear, citostáticos, laboratorio de análise, unidade de coidados intensivos, hemodiálise, anatomía patolóxica.”*

POR QUE SE RECORREU A ITSS?

Desde **CIG-Saúde** evidenciamos que **varias empresas non estaban a pagalo e pese a reclamálo foi denegado.**

Agora a Inspección de traballo danos a razón!

RECLAMA O TEU DEREITO

Se traballas con radiacións, se estás nalgún dos supostos que contempla o teu convenio provincial, **tes dereito ao plus de toxicidade.**

Non o deixes pasar: solicítalo.

Ante unha negativa, infórmate sobre como denunciálo.

NON É UN FAVOR — É UN DEREITO